

LiPoLi (LINGUA PORTUGUESA E AS SÚAS LITERATURAS)

<i>Coordinador/a:</i>	<i>Burghard Baltrush</i>
<i>Participantes:</i>	<i>Xosé Bieito Arias Freixedo</i> <i>Teresa Bermúdez Montes</i> <i>Mónica Heloane Carvalho de Sant'Anna</i> <i>Ana Iglesias Álvarez</i>

Liñas de actuacións

O interese principal que motiva a creación do grupo reside na necesidade dun ensino da lingua portuguesa especificamente adaptado ao alumnado galegofalante e con coñecementos de lingua castelá, xa que esta é a situación de partida da Universidade de Vigo.

No caso da lingua portuguesa en Galicia non se trata do ensino dunha lingua estranxeira mais dunha lingua de proximidade. A experiencia docente nos campus de Vigo e Ourense até ao momento constatou que existe a posibilidade dun progreso na aprendizaxe moito máis rápido e eficaz en comparación con calquera outro ensino de linguas estranxeiras, sempre e cando se traballa con enfoques e material especificamente elaborados para esta situación especial.

Outro interese se desprende da necesidade de ensinar literaturas e culturas dos ámbitos de lingua portuguesa desde unha perspectiva comparada en relación ás respectivas historias das literaturas e culturas galega e de fala castelá. Tamén neste caso, a experiencia docente xa puido demostrar un mellor rendemento cando os enfoques e materiais empregados se centran nesta constelación específica.

Na Universidade de Vigo creouse recentemente a I Cátedra Internacional José Saramago, da cal o coordinador do grupo é o actual responsábel. Os Estatutos desta Cátedra prevén diferentes formas de apoio á docencia e ao alumnado, de maneira que o GID se destinaría tamén a fomentar actividades do e para o alumnado da UVigo relacionados coa obra de José Saramago.

Obxectivos

En termos xerais, trátase de crear enfoques, estratexias e materiais de docencia especificamente adaptados ás constelacións anteriormente descritas para os seguintes ámbitos de docencia:

- A lingua portuguesa para falantes nativos/as de galego e castelán.
- As literaturas en lingua portuguesa.

- As culturas do ámbito lusófono.
- Temas relacionados coa obra de José Saramago.
- Participación directa do alumnado nas actividades do GID.
- Xeración e divulgación de coñecemento sobre estes ámbitos dirixido a toda a sociedade.

Os obxectivos específicos serán:

- Desenvolver obxectivos comúns para diferentes niveis de ensino da lingua portuguesa e a mellorar as competencias docentes.
- Mellorar e completar os materiais especialmente adaptados a galegofalantes de cara á composición de manuais para os diferentes niveis.
- Fomentar actividades públicas organizadas e realizadas polo alumnado de lingua portuguesa e de Estudos Lusófonos na UVigo (tamén en colaboración coa Cátedra Internacional José Saramago).
- Realizar materiais de divulgación (tamén en colaboración coa Cátedra Internacional José Saramago) implicando de forma activa o alumnado de lingua portuguesa e Estudos Lusófonos.
- Promover actividades de apoio á docencia de lingua portuguesa e de literaturas e culturas do ámbito lusófono (como conferencias, seminarios, exposicións, ciclos de lecturas/cine, prácticas de campos, excursións) que poderán ser aproveitadas para as aulas.

Con estes obxectivos se espera conseguir, tamén, unha implicación activa do alumnado e de mellorar así o seu rendemento nestes ámbitos.

Plan de traballo

As actividades en negriña se consideran prioritarias para o curso 2016-2017 e pretenden ser continuadas nos cursos seguintes.

- Realizaranse **todos os anos en novembro**, en colaboración do Cátedra Internacional José Saramago, unhas **“Xornadas José Saramago” coorganizadas e coa participación activa do alumnado**. Estas actividades se relacionarían directamente cos contidos e programas das diferentes materias de lingua portuguesa e de estudos lusófonos. Os temas e os contidos destas xornadas se elaborarán a principio de cada curso en colaboración directa co alumnado. O alumnado pode propor actividades como conferencias, seminarios, exposicións, ciclos de lecturas/cine, prácticas de campos, excursións e terá de participar na súa organización e realización. O profesorado procurará incorporar estas actividades nos programas e sistemas de avaliación das súas materias.
- Programar e realizar outras actividades de apoio á docencia de lingua portuguesa e de literaturas e culturas do ámbito lusófono que poderán ser aproveitadas para as aulas, como por exemplo clubs de lectura (por exemplo en colaboración coa rede "Pega no livro" xa existente en Galicia) sobre obras ou temas que poden ser suxeridos polo propio alumnado. Estas actividades se concentrarían no segundo cuadrimestre.

- Desenvolver actividades específicas sobre cuestións relacionadas coa proximidade entre portugués e galego, integradas nas actividades anteriormente descritas ou independentemente delas, pero sempre en colaboración coas propostas e suxestións que se pedirán ao alumnado que será convidado a colaborar de forma activa.
- As informacións sobre as actividades e os materiais producidos publicaranse nunha páxina web ou **blog de apoio á docencia que será mantido polo grupo e polo alumnado**. Este mantemento e produción de contidos tamén se relacionará directamente coas clases e os programas docentes das diferentes materias.
- A través de reunións periódicas no inicio e no final de cada cuadrimestre, o profesorado intercambiará experiencias docentes e criarase un marco de obxectivos comúns para os diferentes niveis do ensino de lingua portuguesa (por exemplo para mellorar e completar os materiais actualmente usados en clase adaptándoos de forma máis específica a galegofalantes). Haberá sempre un ou varios encontros preparatorios antes do inicio de cada ano académico como outro de recapitulación e avaliación das experiencias ao final de cada curso. Ao longo do curso realizaranse as reunións que se consideren necesarias.
- Procurarase tamén un intercambio de experiencias co profesorado doutras universidades galegas e coa Associação de Docentes de Português na Galiza. Haberá sempre un ou varios encontros preparatorios antes do inicio de cada ano académico como outro de recapitulación e avaliación das experiencias ao final de cada curso. Ao longo do curso realizaranse as reunións que se consideren necesarias.
- Os materiais producidos (exercicios, textos, manuais etc.) publicaranse nunha páxina web ou blog de apoio á docencia e que será mantida polo grupo.
- Cando se dispoña de materiais suficientes, estes poderán ser publicados en forma de manuais temáticos.
- Procurarase tamén o intercambio co profesorado doutras universidades galegas e coa *Associação de Docentes de Português na Galiza*.